



INFORMACIÓN SOBRE A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **obriga** ás entidades sen personalidade xurídica, entre as que se atopan as COMUNIDADES DE PROPIETARIOS, a relacionarse coa Administración exclusivamente por medios electrónicos (artigo 14 da Lei).

Iso implica que a presentación da solicitude, emenda da mesma e xustificación da subvención deben realizarse **exclusivamente por medios electrónicos**, a través da SEDE ELECTRÓNICA da Xunta de Galicia e a CARPETA DO CIUDADÁN da persoa interesada.

Un trámite importante é a XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN para o cobro da mesma. A lei de subvencións de Galicia esixe a presentación da factura orixinal, polo que será necesario que soliciten ao seu provedor (empresa mantedora/conservadora de ascensores que vaia a realizar as actuacións subvencionables) que a **factura sexa electrónica (aquela que se emite e recibe por medios electrónicos)**, cos requisitos esixidos pola lexislación que regula as obrigas de facturación.

Se a factura non é electrónica, é dicir, está emitida en papel, non será válida a presentación dunha copia escaneada desta, senón que deberán desprazarse presencialmente a un Rexistro e remitir, á Dirección Xeral de Enerxía e Minas, **a factura orixinal ou unha copia compulsada**, con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención (15 de novembro de 2017).

O resto de documentación xustificativa, indicada no artigo 14 da Orde do 27 de xaneiro de 2017, **debe presentarse por medios electrónicos** a través da Carpeta do Ciudadán da persoa interesada (persoa que inicialmente presentou a solicitude), dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

Para calquera dúbida ou aclaración pode chamar aos teléfonos 981 957 187 ou 981 545 572.